

Gran Gala da Caza da Real Federación Española de Caza AMPLA REPRESENTACIÓN GALEGA ENTRE OS GALARDOADOS



Roberto Costa Tellado (dereita) co Presidente da FGC

Ampla foi a representación galega neste evento, no que foron galardoados o tomiñés David Andrew, como campión de España de Springer Spaniel, o cazador de Pazos de Borbén Roberto Costa Tellado como xove promesa do mundo da caza, e o xornalista Luís Macías pola súa longa traxectoria como xornalista cinexético.



O xornalista Luis Macías, no centro, acompañado do Presidente da Federación Galega (esquerda) e do Presidente Provincial de Pontevedra (dereita)



Cristina García co Presidente Provincial de Pontevedra Javier Nogueira

Ademais deles, a compañeira en tarefas administrativas da Federación Galega de Caza en Pontevedra, Cristina García Rodríguez recolleu un galardón da Mutua de Seguros Deportivos “Mutuasport” que quixo distinguir así a súa desinteresada colaboración con esta entidade.

A Madrid, achegáronse ademais do Presidente da Federación Galega de Caza, José Manuel Vaamonde, os Presidentes Provincial de Pontevedra e Ourense, Javier Nogueira e José Luis Leites, así como a maioría dos membros galegos da asemblea e xunta directiva da Real Federación Española de Caza que acompañaron aos galardoados neste acto, ao que tamén asistiu Manuel Martínez Casal, Presidente da Sociedade de Cazadores de Portas e Tesoureiro da FGC, que este ano acudía tamén como sociedade invitada á asemblea xeral da RFEC